

ENCONTROS MONOGRÁFICOS CO PATRIMONIO CULTURAL. 15

A ourivería dos castros: novos paradigmas

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
Xoves, 30 de novembro de 2017



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

A ourivería é unha das manifestacións máis salientables da cultura dos castros do noroeste. A abundancia de recursos auríferos e a mestura de correntes atlánticas e mediterráneas contribúen a explicar unha produción ourive de alta calidade, da que hoxe coñecemos máis de duascenas pezas conservadas nos nosos museos (torques, arracadas, brazaletes, diademas-cinturón, etc.).

A aparente ausencia de contextos, a dificultade de acceso aos materiais e o predominio dos enfoques tipolóxicos condicionaron durante décadas a investigación desta ourivería. Porén, dende comezos do novo milenio veñen xurdindo novos enfoques metodolóxicos e interpretativos. Estas novas achegas priorizan o estudo tecnolóxico e arqueométrico, procuran nova información contextual e cronolóxica e tentan comprender este fenómeno no contexto social das comunidades da Idade do Ferro e dos primeiros tempos da presenza romana.

Dende o ano 2010 o Instituto de Ciencias do Patrimonio do CSIC vén liderando proxectos de investigación financiados en convocatorias públicas competitivas orientados ao estudo da metalurxia protohistórica da Europa atlántica. A investigación sobre a ourivería dos castros constitúe unha parte moi salientable destes proxectos. O obxectivo do presente encontro é facer un balance divulgativo do traballo realizado até o presente, con especial énfase nun dos conxuntos máis salientables da ourivería castrexa: o Tesouro de Recouso.

Atopado de maneira casual nun castro do concello de Oroso arredor de 1920, na actualidade o conxunto está composto por 16 arracadas, diversos elementos de suspensión, tres lingotes planoconvexos e unha masa de fundición. Conservado dende o ano 2002 no Museo das Peregrinacións e de Santiago, trátase hoxe en día do conxunto de ourivería castrexa estudado cun maior número de técnicas analíticas.

PROGRAMA

16:30 horas

Presentación

Os Encontros Monográficos co Patrimonio Cultural: punto de partida e balance dous anos despois

Rebeca Blanco-Rotea, doutora en Arqueoloxía e investigadora da Universidade de Santiago e da Universidade de Minho. Coordinadora da Sección de Patrimonio e Bens Culturais do CCG

Iago Seara, arquitecto e profesor da

Universidade da Coruña. Sección de Patrimonio e Bens Culturais do CCG

17:00 horas

A ourivería dos castros: novas achegas ao seu estudo

Xosé-Lois Armada, investigador Ramón y Cajal do Incipit - CSIC

17:20 horas

Mesa redonda

No obradoiro do ourive: retos e sorpresas na investigación do Tesouro de Recousó

Modera: **Rebeca Blanco-Rotea**

Xosé-Lois Armada, investigador Ramón y Cajal do Incipit - CSIC

Óscar García-Vuelta, responsable técnico do Laboratorio de Microscopía Electrónica e Microanálise do Instituto de Historia - CSIC

Simona Scrivano, doutora en Física e investigadora do Departamento de Física Atómica Molecular e Nuclear (Universidad de Sevilla) - Centro Nacional de Aceleradores (CNA)

18:30 horas

Debate co público asistente

ORGANIZA

Sección de Patrimonio e Bens Culturais (CCG)

COORDINA

Xosé-Lois Armada

LUGAR

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar

Praza do Obradoiro, s/n

15705 Santiago de Compostela

Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

INSCRICIÓN

A inscrición é gratuíta.

O número de prazas é limitado (100 persoas).

As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Entregarase diploma acreditativo de asistencia ao Encontro.

Para obter o diploma é preciso asistir ao 75 % das sesións.

MÁIS INFORMACIÓN

www.consellodacultura.gal

difusion@consellodacultura.gal

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/mediateca>

